Asociación Educativa

MUSICREARTE

cursos_musicrearte_07

O noso folklore musical no ensino da música

Juan Parga Cervelo

Informática musical. Recursos na educación musical: Band in a box

Martín Leránoz Iglesias

9 - 13 xullo

www.musicrearte.com

DATAS

Lúns 9 de xullo ó venres 13 de xullo

HORARIO

A elexir (*):

Mañá: de 10h00 a 14h00
Tarde: de 16h00 a 20h00

(*) No caso de realizar os dous cursos un será pola maña e outro pola tarde.

LUGAR

Facultade de Ciencias da Educación. Campus norte.
Avda. Xoan XXIII s/n. Santiago de Compostela

DESTINATARIOS

Profesores e estudantes de música e outros profesionais de diferentes ámbitos sociais e pedagóxicos.
Prazas limitadas por orden de inscrición.

INSCRICIÓN

Ata o 4 de xullo.
Prezos: Mirar no boletín de inscrición as diferentes modalidades e ingresar na conta de **CAIXA GALICIA: 2091-0343-71-3040007246,** indicando apelidos e nome.

Por Correo Postal:
Cubrir e enviar o boletín de inscrición a:
Musicrearte Urbanización As Mimosas A12. 15895 Ames. A Coruña.

Por Internet:
ir a páxina web www.musicrearte.com e seguir as instruccións:

CRÉDITOS

Entregarase diploma acreditativo (30 horas / por curso)

Recoñecemento dun crédito de libre configuración para o alumnado da Facultade de CC. da Educación da USC.

Recoñecemento como curso de formación para o profesorado e persoal docente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

CONTACTO E INFORMACIÓN

Coordinadora: Cecilia Portela López
Enderezo Web: www.musicrearte.com
Correo electrónico: cursos@musicrearte.com
Telfno:

Boletín de Inscrición:

Nome e apelidos: ..... DNI: .....

Enderezo: ..... C.P. .....

Localidade: ..... Provincia: ..... Telfno: .....

E-mail: ..... Profesión: ..... N.R.P.: .....

Código da transferencia bancaria: ..... Data ingreso: .....

	Normal	Estudantes da USC (-20%)
Un curso	☐ 98 €	☐ 78 €
Dous cursos (-25%)	☐ 156 €	☐ 125 €

No caso de inscribirse nun so curso especificar o mesmo, a súa preferencia horaria e dispoñibilidade dun ordenador portatil

☐ Recursos do noso Folklore...
☐ Horario de maña
☐ (*) Neste curso aporto meu ordenador portatil

☐ Informática Musical... (*)
☐ Horario de tarde

NOTA: Os estudantes da USC, excepto os matriculados en Mestre Especialista en Educación Musical, deberán presentar o resguardoda matrícula 06/07 o primer día de curo

O noso folklore musical no ensino da música

Profesor: Juan Parga Cervelo

Mestre especialista en Educación Musical pola Universidade de Santiago. No ano 1984 comeza a súa relación coa música e co folklore galego a través da gaita. Posteriormente formará parte dos educandos da Banda Municipal de Lugo momento en que tamén inicia os estudios no Conservatorio.

A partir do ano 1990 comeza a súa inmersión noutros aspectos do folklore, coma o baile, a percusión e o coñecemento da zanfona.

Formou parte de diferentes agrupacións, bandas de música, e grupos de música folk e tradicional. Asi mesmo formou parte do grupo Pandeiromus e foi invitado con asiduidade no grupo Brath.Ten impartido e imparte con asiduidade cursos para mestres en distintos campos relacionados co folklore organizados por diferentes organismos: Conservatorio estatal superior de música de A Coruña (1997); Área de Didáctica da Expresión Musical da Universidade de Santiago de Compostela (2001, 2002, 2003, 2004); C.E.F.O.R.E.D. (2003, 2004); Deputación Provincial de Lugo (2002, 2003, 2004) e CIG-ENSINO (2005).

Dende o ano 2006 é mestre funcionario da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Na actualidade compaxina a súa actividade docente como mestre de Primaria coa actividade musical.

PROGRAMA

OBXECTIVOS
- Lograr unha actitude positiva encol das tradicións galegas.
- Chegar a aprender e interpretar os ritmos tradicionais e populares galegos.
- Traballar a capacidade de asimilación dos ritmos básicos.
- Exercitar a capacidade de improvisación.

CONTIDOS:
- Os instrumentos tradicionais e populares galegos.
- A cultura musical galega.
- Construcción de instrumentos.
- Bailes e danzas populares ou tradicionais idóneas para o ensino da música.
- Repertorio tradicional, vocal e instrumental, axeitado as aulas de educación musical.
- Ritmos básicos do folklore galego e a súa metodoloxía.
- Técnica dos instrumentos de percusión tradicional e aplicación dos ritmos básicos.

Informática musical. Recursos na educación musical: *Band in a box*

Profesor: Martín Leránoz Iglesias

Comeza os seus estudos musicais no Conservatorio de Música de Barañain (Navarra). No ano 1992 inicia os seus primeiros pasos no campo da informática aplicada á Música na docencia musical.

No ano 1995 trasládase a Santiago de Compostela, onde compaxina os seus estudios superiores de Música no campo da Pedagoxía e da Composición coa docencia como profesor de Informática Musical no Conservatorio Superior de Santiago. No ano 1999, como profesor de Informática e Harmonía no dito Conservatorio, consegue que a asignatura de Informática Musical estea integrada oficialmente dentro dos estudios do Plan LOXSE, sendo un dos primeiros Conservatorios de Galicia con esta modalidade.

Dende o ano 1997 colabora co ICE impartindo seminarios de Informática Musical nos cursos de Adaptación Pedagóxica (CAP), así como numerosos cursos de Informática Musical para profesores de Educación Primaria e Secundaria dentro dos cursos organizados polos Centros de Formación do Profesorado (CEFORE) e pola Universidade de Santiago de Compostela.
Dende o ano 2001 é profesor Titular da Área de Didáctica da Expresión Musical na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago.

PROGRAMA

OBXECTIVOS:
- Coñece-la progresión histórica da tecnoloxía aplicada á música.
- Valora-la importancia da Informática Musical, a súa expansión e o desenvolvemento.
- Coñecer e manexar o programa de acompañamento *Band in a box* a sí como a súa aplicación no ensino da música.

CONTIDOS:
- Vocabulario baseado en termos informáticos.
- O estudio MIDI: Ordenador, Software, Sintetizadores MIDI, Instrumentos controladores MIDI, AUDIO, Sistema de monitorización, Soportes de gravación.
- Informática Musical
- Desenvolvemento do programa de acompañamento musical Band in a Box, tanto teórico como práctico.
- Coñecemento e demostración de diversos programas destinados ó campo musical.

cursos_musicrearte_07

Organiza

MUSICREARTE
Asociación Educativa. Rex. 2006/009522/I
asociacion@musicrearte.com
www.musicrearte.com

Colabora

USC Universidade de Santiago de Compostela
Facultade de Ciencias da Educación

Recoñecemento

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA